



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


**Xaneiro 2025**

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2025

Instituto Galego de Estatística  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Indicador de actividade do sector servizos. Base 2021. Xaneiro 2025


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un crecemento do 6,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 2,2 puntos á do mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,5%, taxa superior en sete décimas á rexistrada no mes anterior.
- A cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas no mes de xaneiro.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,7% e en España un 1,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En catorce comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de xaneiro.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xaneiro en Galicia un crecemento do 6,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 2,2 puntos á do mes de decembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 5,5%, taxa superior en sete décimas á rexistrada no mes anterior.



O *Comercio*, cun crecemento do 5,7%, suma 4,4 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 9,2%. En España a facturación no *Comercio* aumenta un 5% e os *Outros servizos* medran o 6,5%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra un aumento do 8,4% e o *Comercio ao retalho* aumenta o 1,4%, co que suman 4,5 e 0,2 puntos respectivamente a taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* diminúe o 5,6% e resta 0,3 puntos á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 5%, o *Comercio por xunto* o 6% e o *Comercio ao retalho* aumenta o 3%.

Nos *Outros servizos*, os maiores crecementos rexístranse nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (22,2%).

En España, os *Outros servizos* crecen o 6,5%. O maior incremento prodúcese nas *Actividades inmobiliarias* (13,4%).

## 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice crece o 6,1% no mes de xaneiro.


O sector con maior incremento son as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (13,9%).

## 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 6,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 6,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




## 1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de xaneiro, a cifra de negocios aumenta en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Illes Balears (8,3%), Madrid (7,9%) e País Vasco

(7,3%) son as comunidades con maior incremento da facturación. O menor crecemento rexístrase en Extremadura (1,8%).

## Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2025

### Taxa de variación interanual (%)




## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,7% respecto ao mes de xaneiro de 2024, máis que en España (1,6%).

O persoal ocupado crece un 0,5% no *Comercio* e un 2,5% nos *Outros servizos*. O sector con maior incremento é *Transporte* (4,9%).

En España, o persoal ocupado aumenta un 1,4% no *Comercio* e un 1,7% nos *Outros servizos*. O maior crecemento rexístrase na *Hostalería* (2,4%) e na *Venda e reparación de vehículos de motor* (2,3%).




## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de xaneiro con respecto ao mesmo mes do ano 2024 agás Extremadura, La Rioja e Asturias.

### Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2025

#### Taxas de variación interanual (%)



## Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xaneiro 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>138,6</b>	<b>6,5</b>	<b>6,5</b>
<b>Comercio</b>	<b>144,6</b>	<b>5,7</b>	<b>5,7</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	129,2	-5,6	-5,6
Comercio por xunto	155,3	8,4	8,4
Comercio ao retallo	120,3	1,4	1,4
<b>Outros servizos</b>	<b>123,1</b>	<b>9,2</b>	<b>9,2</b>
Transporte	138,9	8,7	8,7
Hostalería	117,2	3,9	3,9
Información e comunicacións	128,4	0,1	0,1
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,0	22,2	22,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	107,4	14,5	14,5
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>121,3</b>	<b>5,5</b>	<b>5,5</b>
<b>Comercio</b>	<b>121,2</b>	<b>5,0</b>	<b>5,0</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	125,1	5,0	5,0
Comercio por xunto	117,9	6,0	6,0
Comercio ao retallo	127,8	3,0	3,0
<b>Outros servizos</b>	<b>121,5</b>	<b>6,5</b>	<b>6,5</b>
Transporte	126,2	7,6	7,6
Hostalería	124,3	6,9	6,9
Información e comunicacións	118,6	3,9	3,9
Actividades inmobiliarias	122,5	13,4	13,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,3	4,4	4,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	142,3	7,2	7,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xaneiro 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
<b>Galicia</b>			
Xeral	130,5	6,1	6,1
Comercio	136,7	3,9	3,9
Transporte	136,4	8,4	8,4
Hostalería	121,8	5,3	5,3
Información e comunicacións	132,5	-0,2	-0,2
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,0	13,9	13,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,3	10,8	10,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE



**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Xaneiro 2025**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
<b>ESPAÑA</b>	<b>121,3</b>	<b>5,5</b>	<b>5,5</b>
Andalucía	121,9	3,6	3,6
Aragón	112,4	4,5	4,5
Asturias	117,5	3,9	3,9
Baleares, Illes	98,3	8,3	8,3
Canarias	155,1	6,7	6,7
Cantabria	111,9	3,6	3,6
Castilla y León	114,8	5,8	5,8
Castilla-La Mancha	121,0	5,1	5,1
Cataluña	116,8	2,9	2,9
Comunitat Valenciana	121,7	5,4	5,4
Extremadura	108,8	1,8	1,8
<b>GALICIA</b>	<b>138,6</b>	<b>6,5</b>	<b>6,5</b>
Madrid	122,9	7,9	7,9
Murcia	114,4	3,3	3,3
Navarra	129,3	6,7	6,7
País Vasco	119,5	7,3	7,3
Rioja, La	129,2	4,3	4,3

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xaneiro 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
<b>Galicia</b>			
<b>Xeral</b>	<b>104,7</b>	<b>1,7</b>	<b>1,7</b>
<b>Comercio</b>	<b>103,4</b>	<b>0,5</b>	<b>0,5</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	101,2	3,7	3,7
Comercio por xunto	103,6	-0,2	-0,2
Comercio ao retallo	103,6	0,3	0,3
<b>Outros servizos</b>	<b>105,5</b>	<b>2,5</b>	<b>2,5</b>
Transporte	105,4	4,9	4,9
Hostalería	107,4	3,1	3,1
Información e comunicacións	110,6	-1,0	-1,0
Actividades inmobiliarias	*	*	*
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,4	1,4	1,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	103,0	2,4	2,4
<b>España</b>			
<b>Xeral</b>	<b>106,3</b>	<b>1,6</b>	<b>1,6</b>
<b>Comercio</b>	<b>105,5</b>	<b>1,4</b>	<b>1,4</b>
Venta e reparación de vehículos de motor	105,3	2,3	2,3
Comercio por xunto	105,3	1,2	1,2
Comercio ao retallo	105,6	1,4	1,4
<b>Outros servizos</b>	<b>106,8</b>	<b>1,7</b>	<b>1,7</b>
Transporte	108,0	1,4	1,4
Hostalería	106,0	2,4	2,4
Información e comunicacións	111,8	0,6	0,6
Actividades inmobiliarias	100,3	0,6	0,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,7	1,7	1,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	105,5	2,0	2,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.**  
Xaneiro 2025

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	No que vai de ano
<b>ESPAÑA</b>	<b>106,3</b>	<b>1,6</b>	<b>1,6</b>
Andalucía	106,4	1,8	1,8
Aragón	102,7	1,3	1,3
Asturias	103,0	-0,2	-0,2
Baleares, Illes	93,4	3,0	3,0
Canarias	113,5	2,8	2,8
Cantabria	100,6	1,1	1,1
Castilla y León	102,5	1,1	1,1
Castilla-La Mancha	106,3	2,1	2,1
Cataluña	106,9	1,4	1,4
Comunitat Valenciana	104,9	1,4	1,4
Extremadura	103,8	-0,5	-0,5
<b>GALICIA</b>	<b>104,7</b>	<b>1,7</b>	<b>1,7</b>
Madrid	110,3	2,2	2,2
Murcia	103,4	0,7	0,7
Navarra	106,5	2,9	2,9
País Vasco	103,2	0,1	0,1
Rioja, La	103,6	-0,3	-0,3

Fonte: INE